



Por: José Ruiz Guirado

MITOS, CRENZAS E LENDAS DO MAR

Nunha lenda fermosísima cóntase que no principio dos tempos existía unha Pedra, que se partiu en dous e do seu interior saíron doce fillos. Cada un foise para un lugar diferente. E, así xurdiron as illas Banks, situadas ó norte das Nuevas Hébridas, na rexión oceánica de Melanesia. Mitos, lendas, crenzas e tradicións estiveron sempre relacionadas coas comunidades onde o mar é a actividade laboral da que depende. Sen esquecer que os vínculos entre os pobos costeiros levaron a unha cultura común, das que xurdiron algunas prácticas, crenzas e tradicións inda non extinguidas. O que nos leva a contemplar o Océano como factor unificador



Pontevedra. - Moureira de Abajo.

Moureira de Abaixo - Pontevedra que axudou ós mariñeiros a sacar o *turbio mar e o abismo océano cheo de monstros*, do que nos da conta Avieno. Chegounos, así, ata os nosos días o mundo mítico, repleto de talismáns, de sucesos extraordinarios, que axudaron a enfrentarse tódolos días da súa vida, a quen tiña que loitar co temible mar.

A nosa costa non ía a ser unha excepción. Nós atopamos no século XV, con confrarías de pescadores coma a da Moureira que tiñan entre as súas obrigacións, as de rezar un Padre Nuestro a San Francisco antes de saír a pescar, así como unha Salve á Virxe dos Placeres, ó pasar por diante da capela. Nun legado dun mariñeiro de Estribeira, que utilicei para o meu traballo " *Intrahistoria de Marín* ", recóllese o

costume en Marín de rezar o rosario, unha vez a embarcación se enfilaba cara a Tambo, para rematalo na illa do Santo. O ritual do saúdo ou do rezo era un costume xeneralizado. Sempre que se pasaba polas proximidades dunha illa onde houbera un santo, mariñeiros e pescadores saudaban ou rezaban. Pérez-Mallaina recolle o testemuño do carmelita Antonio Vázquez de Espinosa, quen afirma que a súa accidentada viaxe entre Veracruz e Sevilla debeuse a que non fixeron as salvas de saúdo á Nosa Señora da Concepción, patroa dun dos portos que visitaron na travesía. Como é lóxico, amén destes ritos relixiosos, botouse man de prácticas contra os perigos do mar: o vento, o temporal, a escaseza de pesca e a protección das embarcacións.

Ó igual que os católicos levan medallas e escapularios, pescadores do Norte de Europa levaban pendentes de ouro a xeito de amuleto para protexerse dos naufraxios. Lisón Tolosana recorda como se embarcou a unha meiga no medio da noite con toda a tripulación. Párase o barco no mar e todos se persignan, descúbrense a cabeza e axeónllanse. Cada un vai provisto dun cirio acendido, mentres a bruxa vai lendo unhas oracións dun libro que leva na man. Hai un animal, a rata, á que se lle atribúen facultades máxicas, como a de prever naufraxios ó abandonar un barco antes de partir. Así como para protexer no barco; en Combarro, por exemplo, colocábase un corno de carneiro e unha cabeza de allo na proa mentres se construía. Fala novamente Lisón Tolosana da práctica dos mariñeiros solteiros de pasar con prostitutas a noite antes do embarque, crendo, como sucede no campo, que as relacións sexuais influían nas colleitas.

Reza un refrán recollido por González Pérez: *O mellor mariñeiro morre no mar, onde ningún se pode descoidar*. Para iso aferrouse as súas crenzas xurdidas na noite dos tempos.

Véuseme á memoria un artigo de Álvaro Cunqueiro, "Monstruos en la mar", no que afirma que "la constante del pensamiento mítico es que primero fueron las aguas".



Hemicar, S.L.

Pintura al horno
Bancada de Carrocería



TALLERES

HEMICAR, S.L.

CHAPA - PINTURA - MECÁNICA

Avda. Médico Ballina, 5
LÉREZ -PONTEVEDRA

Teléf.: 986 870 045
Móvil: 689 300 438
Particular: 986 852 525